

FRANCÉS, SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

RECOMENDADA PARA:

Esta materia está especialmente indicada para aquel alumnado que desexe cursar unha formación universitaria e realizar algún programa no estranxeiro (Erasmus...). Tamén se recomenda esta materia aos alumnos aos que lle gusten as linguas e/ou desexen coñecer outras culturas...

CARGA HORARIA SEMANAL

A carga horaria semanal varía segundo o curso:

1º ESO: 2 horas

2º ESO: 2 horas

3º ESO: 2 horas

4º ESO: 3 horas

1º BACHARELATO: 2 horas

2º BACHARELATO: 3 horas

OBXECTIVOS DA MATERIA

O obxectivo desta materia é que ao longo dos anos, o alumnado acade unha competencia escrita e oral para poder defenderse en calquera situación en lingua francesa.

Tamén se tratarán elementos culturais que lle permitan adaptarse e integrarse nun país francófono e coñecer mellor a súa propia cultura ao poder comparala con outras.